

A continuación infórmase dos acordos da reunión en sesión ordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o día 30 de outubro de 2023 na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo e no Paraninfo, que poden ser do seu interese:

- * Aprobación da acta correspondente á sesión ordinaria do 25 de setembro de 2023.
- * Aprobación das bases para a selección de áreas de coñecemento para a convocatoria das prazas correspondentes ao 15% reservado para persoal investigador nas ofertas públicas de emprego (OEP) da Universidade de Vigo.
- * Aprobación da modificación da normativa de dedicación e recoñecementos docentes do profesorado.
- * Aprobación dos criterios de elaboración da programación docente anual (PDA) para o curso 2024/25.
- * Aprobación do teito de horas destinado a actividades de xestión e apoio nos centros/campus para o curso 2024/25.
- * Aprobación do plan de formación do novo profesorado 2023/25.
- * Aprobación da modificación do manual DOCENTIA segundo protocolo ACSUG.
- * Aprobación da normativa sobre Programas Académicos con Percorridos Sucesivos no ámbito da Enxeñería e da Arquitectura.
- * Aprobación das modificacións da normativa de sinatura científica.
- * Aprobación das bases da convocatoria de produción de investigación e transferencia do ano 2023.
- * Aprobación dos parámetros de ponderación da proba ABAU para o curso 2024/2025.
- * Aprobación do nomeamento dun novo membro na Comisión de Mobilidade Internacional no sector de responsables de Relacións Internacionais dos centros da Universidade de Vigo: María del Carmen Otero Neira.
- * Elección dos membros da Comisión de Convivencia e Bo Goberno:
 - Sector PTXAS:
 - Lilian Álvarez García.
 - Luis Torres Vázquez.
- * Elección dun representante na Comisión de Investigación e Transferencia delegada do Consello de Goberno:
 - Sector PDI: Inmaculada Anaya Revuelta.

A secretaria xeral

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación da presente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.